

IES AGRA DO ORZÁN

CURSO 2024-2025

Departamento de MÚSICA

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 45% da nota final.

O exame escrito contará con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción e/ou explicación de contidos. Igualmente, haberá outra proba escrita de posta en práctica dos contidos teóricos e de análise de audicións e/ou partituras. Faráanse dous exames trimestrais de contidos teóricos.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

2. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental e vocal, exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos colectivos de presentación oral, investigación, etc sendo logo un 55% da nota final.

A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación de 5 puntos sobre 10. A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%
- 2º Trimestre: 30%
- 3º Trimestre: 40%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8. O cálculo da nota final do curso será coa nota real con decimais non ponderada.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.

Para axudar ao alumnado na superación da materia elaboraremos actividade de apoio, reforzo, ampliación e titoría personalizada con atención nos recreos. Así, o alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na terceira avaliación realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a terceira avaliación incluída e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.
2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

No caso do alumnado que acade unha cualificación igual o superior a 5 na terceira avaliación ofertaremos a posibilidade de mellorar a súa competencia. Para elo, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación coa posibilidade de subir a súa cualificación de cara á avaliación final. Esas actividades responderán aos bloques de contidos tanto teóricos como prácticos susceptibles de mellora. Serán deseñadas seguindo as pautas anteriormente descritas en ambos bloques de contidos.

O alumnado que adquirise as competencias de xeito destacado e que aínda teña capacidade de mellora, escollerá unha actividade de ampliación libre entre os bloques de contidos teóricos ou prácticos. A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final.